



CONCELLO DE MAÑÓN

P1504500H

Praza do Mesón, nº 1. 15337 O Barqueiro – MAÑÓN (A CORUÑA)

Tel. 981414002 Fax. 981414151

correo@manon.es

www.manon.es

PREGO DE PRESCRICIÓNS TÉCNICAS PARA A EXPLOTACIÓN DO CHIRINGUITO DA PISCINA MUNICIPAL.

1.- OBXECTO .

O presente prego ten por obxecto definir o alcance e as características xerais do réxime de explotación do chiringuito da piscina municipal.

2.- SITUACIÓN E DESCRICIÓN DO LOCAL.

O local destinado a chiringuito atópase no entorno da piscina municipal situado en Mogor, O Barqueiro (Mañón).

3.- CONDICIÓNS DO SERVIZO.

- 1.- O Concello de Mañón será o que regule e interprete todas as cláusulas deste prego.
- 2.- O Concello designará un representante que faga o seguimento do grado de cumprimento das cláusulas deste prego por parte do adxudicatario do servizo.
- 3.- O adxudicatario comprometerase expresamente a observar cos usuarios do servizo a maior afabilidade e deferencia dentro dun trato cordial e respecto mutuo.
- 4.- O adxudicatario, no exercicio da súa actividade e en relación cos usuarios do servizo, quedará sometido á normativa vixente en materia de defensa dos consumidores e usuarios, sen prexuízo de calquera outra norma que lle fose aplicable.
- 5.- O adxudicatario quedará obrigado ó cumprimento da normativa en materia de venda e subministro de bebidas alcohólicas obrigándose, ademais, a non permitir a alteración da orde por parte dos usuarios nas dependencias do servizo.
- 6.- O horario de apertura e peche deberá respectar os horarios legalmente fixados para este tipo de establecementos, debendo estar aberto, como mínimo, de 15 de xuño a 15 de setembro. Para a realización de calquera actividade extraordinaria que non se axuste ao normal funcionamento do servizo das instalacións, o adxudicatario deberá solicitar previamente a súa autorización ó Concello.
- 7.- O órgano de contratación poderá esixirlle ao adxudicatario, o aboamento das facturas correspondentes aos consumos de subministro que resulten do funcionamento do chiringuito. Os consumos poderán calcularse de xeito proporcional ao consumo das instalacións, aplicándose unha porcentaxe estimada.
- 8.- O material auxiliar (vaixela, cristalería, cubertos e todo tipo de utensilios ou elementos funxibles) necesario para a prestación do servizo será achegado polo adxudicatario, que se obriga ademais a asumir por conta propia os gastos de reposición, reparación e mantemento do citado material.
- 9.- A limpeza das instalacións, maquinaria e calquera outro medio auxiliar, así como do entorno exterior inmediato, será por conta do adxudicatario que se obriga ó seu mantemento permanente en perfecto estado de hixiene e limpeza.
- 10.- O adxudicatario comprométese á prestación do servizo percibindo dos usuarios a correspondente contraprestación económica, de conformidade coa lista de prezos que deberán estar ó público en lugar visible.
- 11.- O Concello resérvase o dereito de inspección permanente sobre o cumprimento polo adxudicatario de todas as obrigas contidas neste prego de prescricións técnicas, así como no prego de cláusulas administrativas particulares, tendo o adxudicatario, ademais, o deber de facilitar ó Concello toda a información ou documentación que se lle solicite.



CONCELLO DE MAÑÓN

P1504500H

Praza do Mesón, nº 1. 15337 O Barqueiro – MAÑÓN (A CORUÑA)

Tel. 981414002 Fax. 981414151

correo@manon.es

www.manon.es

4.- INVENTARIO

1.- O material inventariable que o Concello poñerá a disposición do adxudicatario, será de uso exclusivo das instalacións, quedando prohibida a súa saída ao exterior.

2.- O adxudicatario deberá asinar a relación de medios que se lle asignen e comprometéndose a repoñer, no caso de perda ou deterioro, no momento da extinción do contrato, outros de igual calidade.

3.- O licitador propoñerá os medios materiais que achegará a maiores dos inventariados e que considere necesarios para a prestación do servizo, estando obrigado a proporcionalos no momento da formalización do contrato.

4.- O adxudicatario está obrigado a conservar en perfectas condicións os locais, instalacións, mobiliario, utensilios e aparellos propiedade do Concello, sendo pola súa conta as reparacións que se efectúen.